



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
CEIP O Piñeiríño

Rúa Adolfo Pedrido Morla 1  
36600 Vilagarcía (Santa Baia)  
☎ 986504366 📠 986199448  
ceip.pineirino@edu.xunta.es  
<http://centros.edu.xunta.es/ceipopineirino/>

galicia

## DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

### PROGRAMA DE IMPLEMENTACIÓN DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON TXD (POR TEA)

#### OBXECTIVO XERAL:

Intentar prestar unha mellor atención e apoio educativo ao alumnado con TXD (por TEA) do noso centro, extensible ás súas familias e ao profesorado implicado na súa atención educativa. Este documento ten carácter inspirador e global, procedendo logo a atender a persoa individual que representa cada alumno/a.

#### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Prestar especial atención ás NEAE do alumnado con TXD, intentando unha estreita colaboración entre o noso Departamento de Orientación e as familias, o profesorado e outros especialistas e profesionais que lle presten os seus servizos ao noso alumnado desas características.
- Recollendo o principio das últimas leis de Educación, facer todo o posible para traballar pola máxima inclusión do alumnado con TXD na vida do noso centro e da nosa comunidade educativa.
- Poñer en práctica o máximo funcionamento dunha educación humana e humanizadora co fin de lograr neste alumnado unha educación integral e inclusiva.

#### PRINCIPIOS INSPIRADORES DA ACCIÓN EDUCATIVA:

- Seguir coa máxima sensibilidade e empatía colaborando na mellor educación posible do alumnado con TXD, mediante as planificacións e programacións de distinto nivel no noso centro inspiradas en principios de igualdade, inclusión, empatía, solidariedade.
- Imprimir en toda a nosa comunidade educativa esa sensibilidade de creación dunha cultura escolar baseada neses principios que orientarán os actos educativos e todas as actividades do noso centro nos seus distintos niveis e modalidades.

- Transmitir valores humanos de respecto, aceptación, solidariedade, colaboración, empatía, inclusión social de todas as persoas que forman a nosa comunidade educativa. Evitando todo tipo de actitudes, comportamentos de discriminacións, inxustizas e desigualdades; promovendo e seguindo unha cultura de centro inspirada no respecto, acollida e de dar protagonismo a todas as persoas.
- Incentivar a autoestima así como a motivación e o interese pola educación de todas as persoas que forman a nosa comunidade educativa nun plano de igualdade social e co ánimo de ser mellores persoas para construír un colexio mellor, un mundo mellor.
- Tratar de encamiñarnos progresivamente nunha comunidade de aprendizaxe, unha comunidade aberta onde todos somos importantes e todos nos educamos e influenciamos positiva e mutuamente.
- Aproveitar todos os recursos dispoñibles do centro, persoais, materiais, TIC,... para construír unha educación máis humana e respectuosa con todos os seres, coa Natureza, co Medio Ambiente, nunha cultura da alegría, de harmonía, de paz, de sensibilidade, de equidade; todo conducente a creas actitudes e hábitos de construción dunha sociedade máis xusta e equitativa, unha cultura escolar pola consecución dun mundo mellor onde todos cabemos. Unha cultura escolar polo respecto, acollida e valoración positiva do diferente, do diverxente.
- Crear un ambiente favorable para fomentar o aprecio e valoración axeitada da Nosa Terra, a súa cultura, a súa lingua; sentíndonos, ao mesmo tempo, solidarios e cidadáns do mundo.

### **ACTIVIDADES:**

*(Seguir imprimindo a todas actividades do noso centro a cultura de O PIÑEIRIÑO, onde todos caben, onde todos participan. Tanto nas actividades de clase, ciclo como conxuntas empregar cando sexa necesario e segundo cada caso actividades de acollida, seguimento, de anticipación, de linguaxes aumentativas, de uso complementario de imaxes e sons que faciliten a inclusión. Adaptar as actividades ás necesidades educativas de cada alumno e da cada alumna, elaborando plans específicos para cada un deles).*

- Fomento de actividades de utilización de todos os sentidos, multisensoriais.
- Nas actividades dar lugar para a empatía, para a expresión de sentimentos, emocións. Promover a educación das intelixencias múltiples, incluída a educación emocional.
- Conseguir que este tipo de alumnado participe e goce das actividades xa tradicionais no noso colexio arredor do Magosto, do Día da Paz Escolar, do Entroido, da Festa dos Maios, da Romaría das Letras, das festas e festivais de distintas épocas do curso (Fin de Primeiro Trimestre, de Fin de Curso, de niveis e ciclos).
- Procurar un trato o máis normalizado posible e que estes alumnos participen e gocen das saídas, das visitas, das excursións tomando previa, durante e posteriormente ás mesmas, todas as medidas necesarias de adecuación e adaptación para que o alumnado poida participar nelas do xeito máis satisfactorio posible.

- Organizar para as familias do centro, por medio de xuntanzas, das Escolas de Nais e Pais, etc. xornadas formativas e informativas para coñecer e sensibilizar sobre os TXD (por TEA).
- De xeito similar poden organizarse actos semellantes, pero específicos para o profesorado.

### **CONCRECIÓN DE ACTIVIDADES PARA FAVORECER A INCLUSIÓN**

- Propoñerlle ás familias que uns días antes do comezo das clases visiten o centro cos nenos para coñecer ao profesor/a, visitar a nova clase, recorrer os espazos do colexio.
- Construcción de axendas para programar, planificar e anticipar actividades.
- Axuda e soporte ao ensino por medio dunha colección de imaxes e sons.
- Utilización de pictogramas, nos casos nos que sexa preciso.
- Fragmentar os contidos e as actividades para aproveitar os tempos de atención.
- Realizar tarefas de motivación para despertar o interese sobre o traballo escolar.
- Establecer recunchos nas aulas para empregar en certos momentos de desconexión e descanso e como gratificacións aos tempos de atención e traballo. (currunchos dos libros interesantes e máxicos, currunchos dos xogos, currunchos do debuxo libre e da pintura, currunchos de imaxes e sons, currunchos dos xoguetes e simulación de actividades cotiás – cociña, xardín,...).
- Ter tamén un lugar para expansión corporal (movementos, carreiras, berros)
- Un lugar para o relax, o descanso, a desconexión, para falar.

**QUE NINGUÉN SE SINTA DESPRAZADO NIN DISCRIMINADO NO NOSO CENTRO EDUCATIVO. UNHA ESCOLA PÚBLICA DE TODOS E PARA TODOS.**

*Este é un deseño xeral logo habería que establecer programas específicos para cada alumno/a.*

Vilagarcía de Arousa, outubro de 2014.

Germán M. Torres de Aboal – Orientador do CEIP O Piñeiriño

**WEBGRAFÍA DE INTERESE:**

[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)

[www.apacaf.org](http://www.apacaf.org)

[www.menela.org](http://www.menela.org)

[www.portalcami.net](http://www.portalcami.net)

[www.autismobata.com](http://www.autismobata.com)

[www.autismo.org.es](http://www.autismo.org.es)

[www.guiatictea.org](http://www.guiatictea.org)

[www.pordereito.blogspot.com.es](http://www.pordereito.blogspot.com.es)

<http://plataformagallegainclusion.blogspot.com.es>

<http://www.autismosinmitos.blogspot.com.es>

<http://www.pensandoenimaxes.blogspot.com.es>

<http://www.hablapormidiceiago.blogspot.com.es>

<http://www.lasonrisadearturo.com>